

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS II PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN TEMPORAL DE MAQUINISTAS CONDUTORES, ENTRE OS CANDIDATOS QUE FIGURAN NA LISTA PREVIA DE MAQUINISTA CONDUTOR, PERFIL PROFESIONAL “MAQUINARIA PESADA”.

Resolución do Director Xerente de SEAGA, de 25 de maio de 2018 pola que se convoca proceso selectivo para a contratación de persoal temporal, entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de Maquinista Condutor, perfil profesional “Maquinaria Pesada”.

En uso das facultades conferidas no punto 3 das “Bases para a selección de persoal temporal, da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA)”, Diario Oficial de Galicia do 28 de abril de 2010, o Director-Xerente de SEAGA

DISPÓN

Convocar un proceso selectivo para a a contratación de persoal temporal, entre os candidatos incluídos na lista previa na categoría de de **Maquinista Condutor**, perfil profesional **“Maquinaria Pesada”**, con suxeición ás seguintes bases específicas II da convocatoria:

1. NORMAS XERAIS.

1.1 Obxecto do proceso selectivo.

O obxecto do proceso selectivo será a cobertura e contratación dos seguintes postos de traballo na categoría profesional de **Maquinista Condutor**, perfil profesional “**Maquinaria Pesada**”.nos seguintes ámbitos:

A Coruña: 1

Lugo: 1

Ourense: 1

Pontevedra: 1

De conformidade co disposto no punto 1.3.8 das bases xerais e no punto 1.2.8 das bases específicas da convocatoria para a selección de persoal temporal polo sistema de listas previas na categoría de **Maquinista Condutor**, perfil profesional “**Maquinaria Pesada**”, do total de prazas do sistema de acceso libre non procede a reserva de prazas para ser cubertas por persoas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% por non acadar o número de vacantes unha cota de reserva igual ou superior ao 0,5 no ámbito correspondente.

O número de prazas indicadas é unha estimación das necesidades que se derivan das encomendas en curso á Sociedade.

1.2 Requisitos dos candidatos.

A inclusión dos candidatos no sistema de listas previas non presupón que á data da presente convocatoria sigan posuíndo os requisitos que se lle esixiron para o ingreso no sistema de listas previas, polo que se advirte expresamente que os candidatos deberán posuír á data da presente convocatoria, e manter ata o momento de formalización, de ser o caso, do correspondente contrato, os mesmos requisitos que se lle esixiron para o ingreso na lista previa correspondente. De tal xeito, poderáselles volver a requirir aos candidatos os documentos que acrediten os anteditos requisitos. Se no caso de superar o proceso selectivo e antes de formalizar o correspondente contrato, se constata que os candidatos non posúen algúns dos requisitos esixidos, decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación no procedemento.

1.3 Solicitudes.

Os candidatos serán chamados a partir da lista previa correspondente, estando exentos da presentación de solicitude.

1.3.1. Documentación a presentar.

Formación Profesional Baremable: Só se tomará en consideración a efectos de valoración de formación a documentación a que fai referencia o apartado 2.3 das presentes bases.

Será baremable a formación adquirida ata o día (inclusive) da publicación do anuncio indicativo de esta convocatoria no D.O.G.

1.3.2. Lugares e prazos de presentación de documentación e/ou reclamacións.

A documentación esixida polas presentes bases e a/as reclamación/s que se poidan achegar e/ou efectuar segundo o disposto nas presentes bases, deberánse presentar:

- nas oficinas de rexistro de Seaga, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a xoves, en horario de 09:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h. e os venres en horario de 09:00h a 14:00 horas.
- nas seguintes oficinas, de luns a venres, en horario de 09:00h a 14:00 horas:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lugar de Cabanas - Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km. 581, 15640, Guísamo- Bergondo.

A Comisión de Selección fará público a través da páxina web de SEAGA, o período da apertura do prazo de 3 días hábiles, para a presentación de documentación a que se refire o apartado 2.3 (Formación Profesional Baremable).

Toda documentación que se presente haberá de estar cotexada, e ós efectos de cotexo da documentación, admitirase a documentación cotexada por SEAGA e a cotexada polas Administracións Públicas, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por Notario. A estes solos efectos, enténdese por Administración pública:

- a) a Administración Xeral do Estado, as Administracións das Comunidades Autónomas, as Entidades que integran a Administración Local.
- b) os Organismos Autónomos, as Entidades Públicas Empresariais, as Universidades Públicas e as Axencias Estatais.

No caso de documentos redactados en idioma distinto do galego ou do castelán, haberán de vir traducidos por intérprete xurado e con firma lexitimada ante Notario.

A documentación e/ou reclamacións que se poidan achegar e/ou efectuar, unha vez rematado o prazo correspondente segundo o disposto nas presentes bases consideraranse, a tódolos efectos, como fora de prazo, e non serán tidas en consideración no proceso.

A presentación de documentación e/ou reclamacións en oficinas distintas das sinaladas na convocatoria non serán tidas en consideración no proceso (por exemplo: portelo único, oficinas do servizo de correos...).

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico, no número 981 546 127, de luns a xoves, en horario de 09:00h a 14:00h e de 16:00h a 18:00h. e os venres en horario de 09:00h a 14:00 horas, ou ben na páxina web de SEAGA (www.epseaga.com).

1.4. Admisión de candidatos.

Considéranse admitidos para o proceso selectivo todos os candidatos da lista previa de **Maquinista Conductor**, perfil profesional “**Maquinaria Pesada**” maiores de 18 anos no momento de publicación destas bases. De acordo co establecido nas bases xerais 2.2.1 a comisión de selección decidirá o número de candidatos a convocar ao proceso de selección.

1.5. Datos de carácter persoal.

Rexerase polo establecido nas bases específicas da categoría 1.5.

2. PROCESO SELECTIVO.

2.1 Experiencia.

Nesta fase, teráselle en conta ós candidatos a puntuación do baremo de méritos que determinou a súa orde de prelación nas listas previas da categoría profesional de **Maquinista Conductor**, e que lles será computada de oficio por SEAGA.

2.2 Probas.

O desenvolvemento das probas realizarase de acordo co disposto no apartado 2.2.4.3 das Bases Xerais para a Selección de Persoal Temporal de SEAGA. Os candidatos convocados que non comparezan ás mesmas, serán excluídos tanto do proceso selectivo ao que son chamados como do

sistema de listas previas da categoría profesional, non sendo os casos debidamente xustificados libremente apreciados pola comisión de selección.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio das probas, para o cal deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

2.2.1 Proba práctica

Consistirá nunha serie de exercicios reais e representativos dos traballos que se executan cunha retroexcavadora. O obxectivo é determinar a aptitude dos candidatos, analizando a súas competencias en canto a realización de operacións comúns que se realizan coa correspondente máquina así como verificando que a execución das mesmas se leve a cabo en condicións de seguridade e saúde. Esta proba, terá unha duración máxima de 30 minutos e valorarase ata un máximo de **20 puntos**. O candidato deberá demostrar os seus coñecementos e habilidades nunha proba práctica que aborda distintos exercicios, de modo que se evaluarán os seguintes aspectos:

RETROEXCAVADORA MIXTA:

Comprobacións de seguridade e saúde previas á utilización da máquina.

Coñecemento e manexo xeral da máquina

Realización da excavación dunha gabia

Carga de material con cazo frontal e o su correcto volcado.

Circular e estacionar de forma segura

Execución dos traballos de forma segura

Realización dos traballos de forma eficiente

2.3 Formación Profesional Baremable.

Valorarase ata un máximo de **10 puntos**, a seguinte formación:

2.3.1 Cursos relacionados coa Seguridade e Mantemento de Maquinaria Pesada que se acreditarán mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **0,25 puntos cada dez (10) horas lectivas, ata un máximo de 4 puntos.**

2.3.2 Cursos presenciais relacionados co Manexo de Maquinaria Pesada que se acreditarán

mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **0,5 puntos cada dez (10) horas lectivas, ata un máximo de 4 puntos.**

2.3.3 Curso Básico de Prevención de Riscos Laborais (non acumulables as puntuacións de este apartado):

- Cunha duración mínima de 30 horas, que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **1 punto.**
- Cunha duración mínima de 60 horas, que se acreditará mediante certificado ou diploma expedido por entidade formativa organizadora: **2 puntos.**

2.4 Desenvolvemento das probas selectivas.

Rexeranse polo establecido nas bases xerais 2.2.4.3.

2.5 Outorgamento de cualificacións.

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.2.4.4.

2.6 Desempate.

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.1.4.

A orde de actuación dos candidatos iniciárase alfabeticamente por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “G”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 17 de xaneiro de 2018 (DOG do 26 de xaneiro de 2018) e o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2018.

2.7 Lista de contratación.

Rexerase polo disposto nas bases xerais 2.2.5.

2.8 Reclamacións.

Dirixiranse ao director-xerente de SEAGA dentro do prazo de cinco días hábiles que se contarán dende a publicación na páxina web de SEAGA das listas provisionais de contratación e agarda.

3 COMISIÓN DE SELECCIÓN.

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.2.4.1 e nas bases específicas 2.1.5 da convocatoria para o ingreso na lista previa na categoría correspondente.

4 LISTA DE AGARDA.

Rexerase polo establecido nas bases xerais 2.3. Os candidatos que superasen este proceso selectivo pero non fosen contratados, pasarán a formar parte da lista de agarda correspondente, facéndose as

propostas de contratación na mesma forma na que se configurou o chamamento para a selección a partir das listas previas.

5 RECOÑECIMIENTO MÉDICO.

Os candidatos que figuran na lista de agarda deberán, previamente á súa contratación, realizar un recoñecemento médico obrigatorio. Os seus resultados serán vinculantes para a incorporación ao posto de traballo.

Os candidatos que non se presenten o correspondente recoñecemento médico, serán excluídos tanto do proceso selectivo ao que son chamados como do sistema de listas previas da correspondente categoría profesional, e decaerán de tódolos seus dereitos para a contratación, salvo os casos debidamente xustificados e así apreciados pola comisión de selección.

Os candidatos que non superen o correspondente recoñecemento médico, serán excluídos do proceso selectivo pero continuarán nas listas previas da correspondente categoría profesional.

6 PERÍODO DE PROBA.

Para os traballadores contratados establecerase un período de proba segundo o regulado no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores e lexislación concordante.

7 DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Contra esta resolución, poderase efectuar reclamación no prazo de cinco días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web de SEAGA, ante o Director-Xerente de SEAGA.

Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2018.

O Director-Xerente


Asdo.- Pablo Arbones Maciñeira

